

prestación económica de pagamento único por fillo/a menor de 3 anos

A Consellería de Política Social establece as bases que rexerán a concesión da *prestación económica de pagamento único por fillos e fillas menores de tres anos para o ano 2016*.

Poderán ser **beneficiarios** aquelas persoas que teñan menores de 3 anos o 1 de xaneiro de 2016 (nados entre o 2-1-2013 e o 1-1-2016, inclusive) e que, durante o ano 2014, nin elas nin ningún membro da unidade familiar estivesen obrigados a presentar a declaración do IRPF correspondente a este período, nin a tivesen presentado de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso. Tamén se poderán acoller a esta axuda no caso de fillos adoptados ou acollidos entre o 31 de decembro de 2014 e o 31 de decembro de 2015; así como os estranxeiros que residan en Galicia sempre que cumpran as condicións da Lei orgánica 4/2000 e os requisitos establecidos nesta norma e tivesen a condición de contribuínte para os efectos do disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF.

Contía: cando sexa a **primeira filla/o: 360 €**; cando sexa a **segunda filla/o: 1200 €**; cando sexa a **terceira filla/o e sucesivos: 2.400 €**.

Requisitos

- Que os proxenitores teñan a súa residencia habitual en Galicia.
- Que os menores convivan coa persoa solicitante na data da solicitude.

Documentación:

- **A Solicitude** no modelo oficial que figura como **Anexo I**, poderá achegalo en soporte papel cuberto e asinado pola persoa solicitante, xunto coa documentación necesaria ou, por vía electrónica no enderezo da sede electrónica da Xunta: <https://sede.xunta.es/resultados-da-guia-de-procedementos>, (será necesaria unha copia dixitalizada da documentación que solicitan, de ser o caso).
- O **Anexo II**, cuberto e asinado polo outro proxenitor (parella ou cónxuxe do solicitante).
- Copia do todas as follas do libro de familia, para os efectos de acreditar a data de nacemento e a orde que ocupa o fillo ou filla.
- Número da cartilla de aforros na que figure como titular o solicitante.
- Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e, do convenio regulador ratificado polo xulgado, se é o caso.
- O volante de empadramento colectivo, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- Copia dos DNIs dos proxenitores, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- As copias das declaracións da renda do ano 2014 dos dous proxenitores, só no caso de non autorizar a súa consulta.

Prazo: 7 de marzo de 2016. Para máis información nos Servizos Sociais ou chamando ao telef.:

981-73 70 04.

Camariñas, 10 de febreiro de 2016

**A Concelleira de Servizos Sociais e Igualdade,
Sandra Insua Rial.**